

Guía para o **funcionamiento** **democrático** **dun** **Centro Educativo e** **para enfrontarse** **á aplicación** **da LOMCE**



Defende a Escola Pública, a participación da comunidade educativa na xestión democrática dos Centros e os dereitos do Profesorado.




DATOS EDITORIAIS:

Consello de Redacción: Áreas de Acción Sindical e de
Política Educativa de STES-i

Deseño e maquetación: Área de Publicacións da
Confederación Intersindical e do STEG.

Adaptación e edición en lingua galega: Comisión
Permanente do Secretariado Nacional do STEG
(Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino
de Galiza). Editado o 10/04/2014





PRESENTACIÓN

Nas sociedades democráticas, a desobediencia civil é unha das principais formas de activismo político e constitúe unha lexítima resposta pacífica da cidadanía contra os abusos. Con ela non se persegue un fin individual, unha especie de dispensa persoal para non acatar a lei (ao estilo da tamén lexítima obxección de conciencia), senón un fin social, comunitario, que se logrará coa substitución da norma obxecto da desobediencia por outra que responda mellor aos intereses xerais, ou sexa, ao ben común. A desobediencia civil tórnase imprescindible cando un goberno democrático emprega a súa maioría verticalmente, eliminando toda voz disidente e se constitúe, desde a legalidade, como un poder impermeable ás demandas e necesidades da poboación, atendendo só os ditados dos seus intereses particulares, aos que todas as persoas quedamos sometidas.

Pois ben, a LOMCE, publicada no BOE o 10 de decembro de 2013, cumpre a maioría dos requisitos para a súa desobediencia:

- É unha lei dun partido político: imposta sen o mínimo consenso democrático.
- É unha lei elitista: non busca o ben común.
- Responde aos intereses de grupos de presión particulares: conferencia episcopal e patronal da concertada.
- É unha lei sexista: apoia con financiamento público idearios ultraconservadores e segregadores.
- É unha lei contraria á diversidade lingüística: potencia, coa falacia da suposta equidade, o castelán fronte ao galego, impedindo así o seu proceso de normalización.
- É unha lei pensada para o mercado laboral: o seu fin non é a formación de persoas iguais, libres, críticas e felices.

A LOMCE aumenta a brecha social do alumnado, empeora as condicións laborais do profesorado, baleira de capacidade de decisión os Consellos Escolares de Centro, mingua a participación democrática da comunidade na toma de decisións, converte as direccións en xerentes de empresa, anula os proxectos educativos dos centros, maltrata as linguas propias, fomenta o adoutramento relixioso na escola segrega o alumnado por sexos e capacidades, incorpora reválidas que desprezan a avaliación do profesorado, etc. En definitiva, non é unha lei xusta e, como dixo Tocqueville, cando un goberno se volve destrutivo é dereito do pobo alteralo... e instituír un novo.

Desde o STEG pensamos que o noso dereito e o noso deber consiste en traballar con todos os instrumentos democráticos á nosa man para subverter pacificamente a que xa é considerada a peor lei educativa da historia recente. Recoñecendo todo o esforzo mobilizador da comunidade educativa previo e o conseguente desgaste xerado, entendemos que mentres non se derroque o monstro pedagóxico da LOMCE temos que continuar a loita, para que a mobilización realizada e todo o reivindicado ate o de agora en defensa do ensino non caia en saco roto. Trátase de atoparmos espazos de incumprimento que diminúan todo o posible o impacto da aplicación efectiva da LOMCE antes da súa desexada derogación.

USA A TÚA FORZA.

MOBILÍZATE TAMÉN NO TEU CENTRO

O STEG e os demais STEs-i nacemos na loita pola mellora das condicións de traballo do profesorado e na defensa da escola pública, e así estivemos e estaremos, governe quen governe na nosa nación ou no conxunto do Estado. Sempre defendendo o ensino público e denunciando as concesións ás patronais do ensino privado e á xerarquía eclesiástica. Con asembleas, manifestacións, peches, folgas, mocións no Consello Escolar de Galiza e no do Estado, resolucións nas Xuntas de Persoal Docente e nas Mesas Sectoriais, informes e demandas aos grupos parlamentares e con propostas como esta que agora presentamos, para que poidas loitar desde o teu centro en defensa da Escola Pública, dos dereitos do Profesorado e pola participación da comunidade educativa na xestión democrática do teu Centro.

Con este Guía intentamos asemade dar resposta ás peticións que se formularon en numerosas Asembleas do Profesorado de facermos mobilizacións contra a LOMCE que fosen alén da folga.



EIXOS NOS QUE SE BASEA A PROPOSTA DO STEG:

Defender a Escola Pública, a participación da comunidade educativa na xestión democrática dos Centros e os dereitos do Profesorado son o norte dun conxunto de medidas concretas de desobediencia á LOMCE que o STEG vai impulsar, en colaboración con moitos outros sectores da comunidade educativa (Consellos Escolares, Claustros, ANPAS, organizacións estudantís, plataformas e mareas cívicas...).

1. Defender a escola pública, dado que a LOMCE é a concreción dunha política que pretende mercantilizar o ensino, potenciando a súa privatización, derivando alumnado cara aos centros privados, regalando chan público a empresas privadas e permitindo que o ensino sexa un negocio.
2. O Consello Escolar do Centro debe seguir exercendo a súa capacidade constitucional de intervir no control e xestión do Centro, non permitindo que o director sexa un xerente que fai e desfai á súa vontade, non permitindo que se limite a informar ao máximo órgano de participación da comunidade educativa. Debemos revitalizar o funcionamento democrático dos Consellos Escolares, como forma de potenciar a democracia e autonomía de cada Centro.
3. O mantemento do Claustro de Profesores e Profesoras como órgano que debe conservar a súa capacidade actual de decisión, que debe aprobar a Programación Xeral Anual, nomear os seus representantes no Consello Escolar, recuperar unhas condicións de traballo do Profesorado que permitan impartir un ensino de calidade e negarse á “especialización” do Centro...
4. Os pais e nais e o alumnado deben ser parte activa no funcionamento do Centro e na toma de decisións. Coa súa forza e capacidade de mobilización debe apoiar as decisións democraticamente tomadas no Consello Escolar.
5. Coa LOMCE, a avaliación preténdese transformar nunha fonte de información para establecer *rankings*, para segregar o alumnado e para converter Centros en *guettos*, e non para a mellora do proceso educativo. As medidas propostas emprazan a dificultar/obstaculizar por parte dos pais e nais e do alumnado a aplicación das reválidas, xa que o profesorado está obrigado a realizalas pola súa dependencia funcional coa administración que as impón.

Esta **Guía** inclúe unha batería de propostas agrupadas por temas, con 32 medidas concretas a levar a cabo polos diferentes sectores da comunidade educativa. Reprodúcese, en cada caso, o punto correspondente do Artigo Único da LOMCE e indícase cómo modifica o artigo correspondente da LOE. Propóñense medidas concretas de desobediencia, xustifícanse, indícase quen ou quen son os responsábeis da súa aplicación en cada caso e, finalmente, avalíanse as consecuencias legais que para os “desobedientes” podería ter a adopción da medida, sendo subliñable que, nunha inmensa cantidade de casos, as consecuencias son... **ningunha**.

PROPOSTAS PARA O FUNCIONAMENTO DEMOCRÁTICO DUN CENTRO EDUCATIVO E PARA ENFRONTARSE Á APLICACIÓN DA LOMCE

A LOMCE consta dun artigo único que abrangue 109 puntos concretos e diversas disposicións de distinto tipo. Nas medidas que propoñemos, citaremos o punto dese Artigo Único a que se refire a nova lei.

A) DESDE O CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO.

O Consello, como órgano máximo de control e xestión do Centro no que están representados todos os sectores da comunidade educativa, ten a responsabilidade de loitar para conseguir un funcionamento democrático do mesmo, potenciando a participación activa de todos os sectores nel representados.

1º

O punto oitenta e un, que modifica o artigo 132 de LOE, sinala as competencias da Dirección dos centros públicos, entre as que cabe destacar:

- l) Aprobar los proyectos y las normas a los que se refiere el Capítulo II del Título V de la presente Ley Orgánica.
- m) Aprobar la programación general anual del centro, sin perjuicio de las competencias del Claustro del profesorado, en relación con la planificación y organización docente.
- n) Decidir sobre la admisión de alumnos y alumnas, con sujeción a lo establecido en esta Ley Orgánica y disposiciones que la desarrollen.
- ñ) Aprobar la obtención de recursos complementarios de acuerdo con lo establecido en el artículo 122.3."

Os proxectos e as normas aos que se fai referencia no punto l) deste artigo, están sinalados no artigo 120.2 de LOE, que sinala que "Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro."

➤ **Medida nº 1:** Propoñemos que o Consello Escolar do Centro tome un acordo no que se especifique claramente que as novas competencias da Dirección estarán supeditadas ás decisións que tome o Consello Escolar en canto á elaboración, aprobación e execución do proxecto educativo e do proxecto de xestión, así como das normas de organización e funcionamento do centro

Xustificación:

O artigo 27.7. da Constitución sinala que "Os profesores, os pais e, no seu caso, os alumnos intervirán no control e xestión de todos os centros sostidos pola Administración con fondos públicos, nos termos que a lei estableza."

O director do centro, segundo se sinala neste artigo da LOMCE, é o que aproba o proxecto educativo; é o que aproba o proxecto de xestión; é o que aproba as normas de organización e funcionamento dos centros; é o que aproba a programación xeral do centro; é o que decide sobre a admisión de alumnos e alumnas; e é o que aproba a obtención de recursos complementarios.

O director é, en definitiva, o que toma todas as decisións de tipo pedagógico, organizativo e de xestión do centro, deixando desta forma sen capacidade de "control e xestión" ao profesorado, aos pais e nais e ao alumnado, contravindo así gravemente o principio marcado no artigo 27.7 da Constitución e que diferentes leis orgánicas desenvolveron dando competencias para o control e a xestión dos centros educativos tanto ao Claustro do Profesorado como ao Consello Escolar do Centro, no que están representados os diferentes sectores da comunidade educativa.

Responsábel: Consello Escolar del Centro.

Consecuencias legais: Ningunha, pois a aprobación por parte do Consello de seguir mantendo as competencias antes sinaladas está suxeita a que a persoa que saia elixida Director ou Directora queira que se sigan mantendo, ou prefira actuar en contra da comunidade educativa do Centro.



O punto oitenta e catro modifica o artigo 135 da LOE que se refire á elección do Director do centro e di:

"135.2. La selección será realizada por una comisión constituida, por un lado, por representantes de las Administraciones educativas, y por otro, en una proporción mayor del treinta y menor del cincuenta por ciento, por representantes del centro correspondiente. De estos últimos, al menos el cincuenta por ciento lo serán del Claustro del profesorado de dicho centro. Las Administraciones educativas determinarán el número total de vocales de las comisiones y la proporción entre los representantes de la Administración y de los centros. En cualquier caso, deberán dar participación en las comisiones a los Consejos Escolares de los centros."

➤ **Medida nº 2.**

- a) O Consello Escolar do Centro solicitará ao Profesorado do Centro que os candidatos ou candidatas se presenten ao Consello Escolar e que se comprometan a que unicamente presente a súa candidatura á comisión oficial a persoa que obteña o respaldo maioritario do Consello Escolar do Centro.
- b) Caso de que a Candidatura non se presente previamente ao Consello Escolar do Centro, que non se presenten candidatos ou candidatas a formar parte da Comisión de Selección.

Xustificación:

- a) O procedemento de selección das direccións dependerá en exclusiva da administración, que terá máis do 50% dos votos na comisión para a selección das direccións. Para garantir un proceso democrático á hora de elixir as direccións, é necesario que as candidaturas propostas conteñan o máximo apoio dos Claustros e dos Consellos Escolares. Que as persoas candidatas presenten os seus proxectos a quen despois teñen que aplicarlos, ao profesorado no Claustro, e á comunidade educativa no Consello Escolar, e non só á comisión de selección. Que se promovan debates de ideas nos centros sobre o mellor xeito de xestionalos.
- b) Se a persoa candidata rexeita presentarse ante o Consello non habería que formar parte da comisión de Selección, pois na mesma está asegurada unha presenza da Administración Educativa de máis do 50%.

Responsábel: Consello Escolar e Profesorado

Consecuencias legais: Ningunha.

O punto setenta modifica o artigo 116 da LOE, que queda así no seu apartado 8º:

"8. Las Administraciones educativas podrán convocar concursos públicos para la construcción y gestión de centros concertados sobre suelo público dotacional."

➤ **Medida nº 3:** O Consello Escolar do Centro pedirá ao Concello da súa localidade que non ceda chan público a ningunha empresa privada nin orde relixiosa para a construción de centros educativos.

Xustificación: Os concellos só deben proporcionar chan público para a construción de centros públicos. Non é admisíbel que se destine o chan público para promover negocios privados nin adoutramentos relixiosos.

Responsábel: Consello Escolar do Centro, Consellos Escolares Municipais, ANPAS, Sindicatos, Asociacións...

Consecuencias legais: Ningunha.

O punto setenta e catro do Artigo único da LOMCE engade un novo apartado ao artigo 121 da LOE, co seguinte redactado:

"121.7. Corresponde a las Administraciones educativas promover la especialización curricular de los institutos de Educación Secundaria en función de las alternativas establecidas en esta Ley Orgánica, a fin de que dichas Administraciones puedan programar una oferta educativa ajustada a sus necesidades. Los centros docentes incluirán las singularidades curriculares y de organización y los correspondientes agrupamientos pedagógicos en su proyecto educativo."

Por outro lado, o punto setenta e sete engade á LOE un novo artigo, o 122bis, que di:

"3. El proyecto educativo de calidad supondrá la especialización de los centros docentes, que podrá comprender, entre otras, actuaciones tendentes a la especialización curricular, a la excelencia, a la formación docente, a la mejora del rendimiento escolar, a la atención del alumnado con necesidad específica de apoyo educativo, o a la aportación de recursos didácticos a plataformas digitales compartidas.

Los resultados de las acciones se medirán, sobre todo, por las mejoras obtenidas por cada centro en relación con su situación de partida.

Las acciones de calidad educativa, que deberán ser competitivas, supondrán para los centros docentes la autonomía para su ejecución, tanto desde el punto de vista de la gestión de los recursos humanos como de los recursos materiales y financieros."

➤ **Medida nº 4:** O Consello Escolar do Centro solicitará á Consellería de Educación que o seu centro non sexa de especialización curricular.

Xustificación: A especialización curricular é o pretexto da LOMCE para introducir a segregación do alumnado de acordo coas súas capacidades. Ábrese a porta a creación de centros de élite e centros guetto con esta opción, posto que os centros poderán seleccionar un 20% do seu alumnado e tamén unha parte do profesorado se optan por esta especialización.

Hai que ter en conta tamén que os centros privados definen a súa propia especialización curricular no ideario do centro, que define o seu propietario sen participación ningunha da administración, e hai unha dúbida máis que razoable de que queiran especializarse en atención ao alumnado con necesidade de apoio educativo

Responsábel: Consello Escolar do Centro

Consecuencias legais: Ningunha.

O punto sesenta modifica o apartado 2º do artigo 84 da LOE, que queda así:

"(...) No obstante, aquellos centros que tengan reconocida una especialización curricular por las Administraciones educativas, o que participen en una acción destinada a fomentar la calidad de los centros docentes de las descritas en el artículo 122 bis, podrán reservar al criterio del rendimiento académico del alumno o alumna hasta un 20 por ciento de la puntuación asignada a las solicitudes de admisión a enseñanzas postobligatorias. Dicho porcentaje podrá reducirse o modularse cuando sea necesario para evitar la ruptura de criterios de equidad y de cohesión del sistema"

➤ **Medida nº 5:** O Consello Escolar do Centro, tendo en conta criterios de equidade e cohesión do sistema, tomará o acordo de non reservar ningunha praza.

Xustificación: Os centros poden reservar ata un 20% de prazas se solicitaron a especialización curricular ou accións destinadas a mellorar a calidade educativa. Con estas reservas segrégase o alumnado de acordo co seu expediente e créanse centros elitistas e centros guetto, co cal rómpese o principio de igualdade de oportunidades.

Responsábel: Consello Escolar do Centro.

Consecuencias legais: Ningunha, pois o mesmo punto do texto legal permíteo e xustifícao na súa parte final.

O punto sesenta e seis modifica o apartado 2 do artigo 87 da LOE, que queda así:

"(...) Asimismo, podrán autorizar un incremento de hasta un diez por ciento del número máximo de alumnos y alumnas por aula en los centros públicos y privados concertados de una misma área de escolarización, bien para atender necesidades inmediatas de escolarización del alumnado de incorporación tardía, bien por necesidades que vengan motivadas por traslado de la unidad familiar en período de escolarización extraordinaria debido a la movilidad forzosa de cualquiera de los padres, madres o tutores legales."

➤ Medida nº 6:

O Consello Escolar do Centro toma o acordo de non incrementar o número de prazas no seu centro, pedindo o desdobre da aula na que a administración poida incrementar a ratio.

Xustificación: Mantense esta medida da LOE, pero gravemente empeorada polo aumento de ratios e de carga lectiva do profesorado dos decretos de recortes.

No caso de que a administración force a matrícula, debe facelo co desdobre correspondente.

Responsábel: Consello Escolar do Centro.

Consecuencias legais: Ningunha, pois a administración pode rexeitar que o aumento de matrícula leve parello o desdobre.

O punto dezaioito modifica o artigo 27 da LOE, que queda así:

"27.1. El Gobierno definirá las condiciones básicas para establecer los requisitos de los programas de mejora del aprendizaje y del rendimiento que se desarrollarán a partir de 2.º curso de la Educación Secundaria Obligatoria.

En este supuesto, se utilizará una metodología específica a través de una organización de contenidos, actividades prácticas y, en su caso, de materias diferente a la establecida con carácter general, con la finalidad de que los alumnos y alumnas puedan cursar el cuarto curso por la vía ordinaria y obtengan el título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria."

➤ Medida nº 7:

- Solicitar á Consellería de Educación todos os recursos necesarios para a aplicación destes programas.
- Solicitar tamén a redución das ratios e da carga lectiva do profesorado, así como o incremento de persoal, como mellor forma de impartir un ensino de calidade con grupos heteroxéneos de alumnado.

Xustificación: Sen recursos é imposible o éxito destes programas polo aumento de ratios e de horas lectivas do profesorado e o recorte de persoas. De feito, se recuperásemos todo o que recortaron serían necesarios menos programas. O alumnado debe ser mantido no curso de referencia con desdobres, grupos flexíbeis e outras medidas de atención á diversidade para as que debemos esixir a dotación necesaria de profesorado.

Responsábel: Consello Escolar e profesorado.

Consecuencias legais: Ningunha.

O punto setenta e tres modifica o artigo 120.4 da LOE, que queda así:

"120.4. Los centros, en el ejercicio de su autonomía, pueden adoptar experimentaciones, planes de trabajo, formas de organización, normas de convivencia y ampliación del calendario escolar o del horario lectivo de áreas o materias, en los términos que establezcan las Administraciones educativas y dentro de las posibilidades que permita la normativa aplicable, incluida la laboral, sin que, en ningún caso, se impongan aportaciones a las familias ni exigencias para las Administraciones educativas."

➤ Medida nº 8:

- a) Demandar á administración que o calendario e o horario lectivo deben ser iguais en todos os centros públicos e concertados.
- b) Elaborar un proxecto educativo do centro que contemple como forma de organización do tempo escolar a xornada continuada.

Xustificación:

- a) Os centros concertados poden ampliar o horario ou os días lectivos para entrar en competencia cos centros públicos, aínda que para iso teñan que obrigarse ao seu profesorado a traballar máis polo mesmo soldo. Doutra banda, este artigo suscita un futuro ataque ás condicións laborais do profesorado, xa que seremos os únicos aos que se nos poderá esixir maior carga laboral para levar a cabo todas as experimentacións que se propoñan, en lugar de contratar máis profesorado.
- b) A xornada continuada está resultando positiva e non foi rexeitada por ningún sector nos territorios nos que se leva implantado.

Responsábel: Consello Escolar do Centro.

Consecuencias legais: Ningunha.

O punto setenta e catro modifica o artigo 121.3 de la LOE, que queda así:

"121.3. En el marco de lo establecido por las Administraciones educativas, los centros establecerán sus proyectos educativos, que deberán hacerse públicos con objeto de facilitar su conocimiento por el conjunto de la comunidad educativa. Asimismo, corresponde a las Administraciones educativas contribuir al desarrollo del currículo favoreciendo la elaboración de modelos abiertos de programación docente y de materiales didácticos que atiendan a las distintas necesidades de los alumnos y alumnas y del profesorado."

➤ Medida nº 9:

- a) Reclamar á administración os modelos de programación docente e os materiais didácticos que atendan axeitadamente as diferentes necesidades do alumnado que comprometen á administración neste artigo.
- b) Reclamar á administración dotación de persoal de administración e servizos (PAS) para o Centro, sobre todo nos de Infantil e Primaria.

Xustificación:

- a) Coa sobrecarga de traballo do profesorado, polo aumento das horas lectivas e das ratios, é necesario que a administración facilite os modelos de programación.
- b) O traballo burocrático aumenta cada día nos centros e en moitos de Infantil e Primaria non hai dotación de PAS, polo que deben ser dotados deste persoal, sobre todo os de Infantil e Primaria, para facilitar o traballo burocrático.

Responsábel: Consello Escolar do Centro.

Consecuencias legais: Ningunha.

10º

O punto setenta e seis modifica o artigo 122.2 de la LOE, que queda así:

“Art. 122: 2. Las Administraciones educativas podrán asignar mayores dotaciones de recursos a determinados centros públicos o privados concertados, en razón de los proyectos que así lo requieran o en atención a las condiciones de especial necesidad de la población que escolarizan. Dicha asignación quedará condicionada a la rendición de cuentas y justificación de la adecuada utilización de dichos recursos.”

➤ **Medida nº 10:** Reclamar á administración o abono dos gastos de funcionamento, a cobertura de baixas do profesorado e do resto do persoal do centro e que o diñeiro público se destine á escola pública e non a elevar as contías estipuladas nos concertos aos centros privados por medio de proxectos. Denunciar publicamente os atrasos na cobertura de baixas e na tardanza en pagar os gastos de funcionamento.

Xustificación: Regúlase que os centros terán que render contas á administración pero non ao revés, cando é a administración a que sempre dificulta o funcionamento dos centros coa súa mala xestión: tardanza en entregar o diñeiro dos gastos de funcionamento, tardanza ou/e non cobertura das baixas do profesorado e do resto do persoal do centros, etc.

O diñeiro público debe ser destinado á escola de todos e todas, a escola pública.

Responsábel: Consello Escolar, ANPA e Sindicato.

Consecuencias legais: Ningunha; a denuncia pode facerse desde o propio Consello, desde a ANPA ou desde o STEG.

11º

O punto setenta e oito modifica o artigo 124 da LOE, que queda así

"124.2. Las normas de convivencia y conducta de los centros serán de obligado cumplimiento, y deberán concretar los deberes de los alumnos y alumnas y las medidas correctoras aplicables en caso de incumplimiento, tomando en consideración su situación y condiciones personales.

Las medidas correctoras tendrán un carácter educativo y recuperador, deberán garantizar el respeto a los derechos del resto de los alumnos y alumnas y procurarán la mejora en las relaciones de todos los miembros de la comunidad educativa.

Las medidas correctoras deberán ser proporcionadas a las faltas cometidas. Aquellas conductas que atenten contra la dignidad personal de otros miembros de la comunidad educativa, que tengan como origen o consecuencia una discriminación o acoso basado en el género, orientación o identidad sexual, o un origen racial, étnico, religioso, de creencias o de discapacidad, o que se realicen contra el alumnado más vulnerable por sus características personales, sociales o educativas tendrán la calificación de falta muy grave y llevarán asociada como medida correctora la expulsión, temporal o definitiva, del centro.

Las decisiones de adoptar medidas correctoras por la comisión de faltas leves serán inmediatamente ejecutivas.

➤ **Medida nº 11:** Traballar na prevención de conflitos nos plans de convivencia do Centro, incidindo nos equipos de mediación para resolver os problemas de convivencia.

Xustificación: A LOMCE incide sobre todo nas medidas correctoras e nada na prevención dos conflitos ou no xeito de abordalos.

Responsábel: O Consello Escolar, o profesorado e o alumnado.

Consecuencias legais: Ningunha.

O punto noventa e nove inclúe unha nova disposición adicional trixésima oitava, con esta redacción:

“1. Las Administraciones educativas garantizarán el derecho de los alumnos y alumnas a recibir las enseñanzas en castellano, lengua oficial del Estado, y en las demás lenguas cooficiales en sus respectivos territorios. El castellano es lengua vehicular de la enseñanza en todo el Estado y las lenguas cooficiales lo son también en las respectivas Comunidades Autónomas, de acuerdo con sus Estatutos y normativa aplicable.

2. Al finalizar la educación básica, todos los alumnos y alumnas deberán comprender y expresarse, de forma oral y por escrito, en la lengua castellana y, en su caso, en la lengua cooficial correspondiente.

3. Las Administraciones educativas adoptarán las medidas oportunas a fin de que la utilización en la enseñanza de la lengua castellana o de las lenguas cooficiales no sea fuente de discriminación en el ejercicio del derecho a la educación.

(...)

6. Aquellas Comunidades Autónomas en las que existan lenguas no oficiales que gocen de protección legal las ofertarán, en su caso, en el bloque de asignaturas de libre configuración autonómica, en los términos que determine su normativa reguladora.”

➤ **Medida nº 12:** Os centros dos territorios con lingua propia distinta do castelán manterán a política lingüística que desenvolven actualmente.

Xustificación: Esta disposición é contraria ao artigo 148.17 da Constitución; artigo que se desenvolveu nos Estatutos de Autonomía das comunidades con lingua propia distinta do castelán como son Galiza, Euzkadi, Nafarroa, La Rioja, Asturias, Catalunya, País Valencià e Illes Balears. Esta disposición entra en colisión co modelo existente en diferentes comunidades autónomas, onde as linguas propias son as linguas usadas normalmente como lingua vehicular, feito que garante plenamente o coñecemento das dúas linguas ao final da etapa obrigatoria.

Esta disposición entra tamén en colisión con sentenzas do Tribunal Constitucional como son a 337/1994 e a 31/2010 que o dereito a recibir o ensino en castelán e catalán e rexeitan o deber constitucional de coñecer o castelán xere o dereito a recibir os ensinos única e exclusivamente en castelán.

Responsábel: Consello Escolar.

Problemas legais: Ningún.

13º

Inclúese unha nova disposición adicional cuarta na LOMCE, con esta redacción:

"Las Administraciones educativas adoptarán medidas para que la actividad física y la dieta equilibrada formen parte del comportamiento infantil y juvenil.(...)"

➤ Medida nº 13:

- a) Esixir a implantación do servizo de comedor en todos os centros educativos públicos onde haxa demanda.
- b) Esixir o 100% das becas para todo o alumnado que estea en situación de exclusión social.

Xustificación:

- a) Hai numerosos centros que demandan o servizo de comedor e a administración non o implanta, polo que hai que seguir esixindo este servizo.
- b) Vanse endurecendo as condicións de acceso ás becas de comedor e reduciuse o número global de becas, co que milleiros de alumnos e alumnas con dificultades económicas teñen problemas para acceder a elas.
- c) Hai que facilitar o acceso ás becas de comedor e aumentar o seu número

Responsábel: Consello Escolar e Asociacións de nais e pais.

Consecuencias legais: Ningunha.

14º

Inclúese unha nova disposición adicional quinta na LOMCE, con esta redacción:

"El Ministerio de Educación, Cultura y Deporte promoverá el préstamo gratuito de libros de texto y otros materiales curriculares para la educación básica en los centros sostenidos con fondos públicos, en el seno de la Conferencia Sectorial de Educación."

➤ **Medida nº 14:** Avogamos por esixir a gratuidade dos libros e do resto dos materiais curriculares.

Xustificación: A educación básica é gratuita, segundo o artigo 27 da Constitución, polo que os libros e demais materiais curriculares deben ser gratuítos. A compra inicial de libros e demais materiais debe ser realizada polas administracións educativas e non polos pais e nais.

Responsábel: Consello Escolar do Centro e Consellería de Educación.

Consecuencias legais: Ningunha.

B) DENDE O CLAUSTRO DE PROFESORAS E PROFESORES

O Claustro debe ser parte moi activa no desenvolvemento das propostas para conseguir un Centro verdadeiramente democrático e no impulso das medidas de inaplicación da LOMCE que son responsabilidade do consello Escolar

15º

O punto oitenta e un do artigo único da LOMCE, que modifica o artigo 132 da LOE, sinala as competencias do director dos centros públicos, entre as que cabe destacar:

"m) Aprobar la programación general anual del centro, sin perjuicio de las competencias del Claustro del profesorado, en relación con la planificación y organización docente."

➤ **Medida nº 15:** Proponemos que o Claustro de Profesores e Profesoras tome un acordo no que se especifique claramente que esta competencia da Dirección estará supeditada á decisión que tome o Claustro en canto á aprobación da PXA elaborada desde os Ciclos ou Departamentos.

Xustificación:

O Profesorado debe ser o que aprobe a Programación Didáctica, e debe facelo de acordo co resto do Profesorado do seu Ciclo, no caso de Infantil e Primaria, e do seu Departamento, no caso de Secundaria, adaptando o currículo oficial á realidade do seu Centro.

O director LOMCE é, en definitiva, o que toma todas as decisións de tipo pedagógico, organizativo e de xestión do centro, deixando desta forma sen capacidade de "control e xestión" ao profesorado, aos pais e nais e ao alumnado, contravindo gravemente o principio marcado no artigo 27.7 da Constitución e que diferentes leis orgánicas desenvolveron dando competencias para o control e a xestión dos centros educativos tanto ao Claustro do Profesorado como ao Consello Escolar do Centro, no que están representados os diferentes sectores da comunidade educativa.

Responsábel: Claustro de Profesoras e Profesores.

Consecuencias legais: Ningunha.

16º

O punto nove modifica os artigos 18 (Primaria) e 24 e 25 (Secundaria), indicando que

"6. Sin perjuicio de su tratamiento específico en algunas de las áreas de la etapa, la comprensión lectora, la expresión oral y escrita, la comunicación audiovisual, las Tecnologías de la Información y la Comunicación, el emprendimiento y la educación cívica y constitucional se trabajarán en todas las áreas."

➤ **Medida nº 16:** Traballar en todas as áreas e materias como temas transversais a educación en valores, a educación para a igualdade entre homes e mulleres, a educación afectivo-sexual, o espírito crítico..., e deixar de lado o "emprendemento".

Xustificación: A LOMCE é unha lei impregnada de ideoloxía neoliberal que pretende crear man de obra barata, sen ningún espírito crítico nen capacidade de pensar e opinar.

Responsábel: Profesorado.

Consecuencias legais: Ningunha.



17º

O punto doce introduce unha modificación do artigo 20 da LOE, que di:

“3. Los centros docentes realizarán una evaluación individualizada a todos los alumnos y alumnas al finalizar el tercer curso de Educación Primaria, según dispongan las Administraciones educativas, en la que se comprobará el grado de dominio de las destrezas, capacidades y habilidades en expresión y comprensión oral y escrita, cálculo y resolución de problemas en relación con el grado de adquisición de la competencia en comunicación lingüística y de la competencia matemática. De resultar desfavorable esta evaluación, el equipo docente deberá adoptar las medidas ordinarias o extraordinarias más adecuadas.”

➤ Medida nº 17:

- a) Manifestar ao Consello Escolar, e este á administración educativa e publicamente, o rexeitamento a esta avaliación.
- b) Os pais, nais ou titores legais poden non levar ese día o seu fillo ou filla ao Centro. Estas cualificacións non computan para o paso de curso

Xustificación: Este apartado 3º entra en contradición co 1º deste mesmo artigo que di que a avaliación “será continua e global”, que é o que se fai nos Centros, polo que esta nova “reválida” non é necesaria a final de terceiro, pois é someter a tensión e estrés o alumnado.

Non se debe dedicar tempo en clase á “preparación” desta “reválida”, pero si a administración te obriga á realización da mesma, existe a posibilidade de axudar ao alumnado á súa realización.

Responsábel: Claustro, co apoio do Consello Escolar. Pais e nais ou titores.

Consecuencias legais: Ningunha.

18º

O punto doce introduce unha reválida ao finalizar a Educación Primaria, modificando o artigo 21 e o 144 da LOE, cando di:

Art. 21: 1. Al finalizar el sexto curso de Educación Primaria, se realizará una evaluación individualizada a todos los alumnos y alumnas, en la que se comprobará el grado de adquisición de la competencia en comunicación lingüística, de la competencia matemática y de las competencias básicas en ciencia y tecnología, así como el logro de los objetivos de la etapa.

Art. 144: La realización material de las pruebas corresponde a las Administraciones educativas competentes. Las pruebas serán aplicadas y calificadas por profesorado del Sistema Educativo Español externo al centro.

➤ Medida nº 18:

- a) Manifestar, como Claustro e como Consello Escolar, o rexeitamento a esta reválida.
- b) Rexeitar que o profesorado de centros privados poida realizar esta proba.
- c) Non colaborar co “profesorado externo ao Centro” que vaia realizala.
- d) Os pais, nais ou titores legais poden non levar ese día o seu fillo ou filla ao Centro. As cualificacións para o seu paso a Secundaria serían as obtidas no curso.

Xustificación: A mesma que para a avaliación de terceiro curso: os centros realizan avaliacións periodicamente. Non é necesaria esta avaliación final que somete a tensión e estrés o alumnado.

Responsábel: Profesorado, Equipo directivo, Consello Escolar.

Consecuencias legais: Ningunha. Se os pais e nais ou titores legais non levan ese día os seus fillos/as ao colexio non hai consecuencia ningunha para o expediente persoal do alumnado nin sobre o seu paso á Ed. Secundaria.

O punto dezaioito modifica o artigo 27 da LOE, que queda así:

"27.3. Estos programas irán dirigidos preferentemente a aquellos alumnos y alumnas que presenten dificultades relevantes de aprendizaje no imputables a falta de estudio o esfuerzo."

➤ **Medida nº 19:** Incluir nos programas de reforzo o alumnado con desaxustes na aprendizaxe por razóns indistintas.

Xustificación:

A propia LOMCE reitera no seu preámbulo e articulado que dita Lei pretende diminuír as taxas de abandono e o fracaso escolar; hai que motivar o alumnado para evitar o abandono escolar.

O artigo fala de "preferentemente"... É posíbel, xa que logo, obviar "preferentemente" e dirixir os programas ao alumnado necesitado de apoio e reforzo, que é normalmente o máis desfavorecido socialmente.

Responsábeis: Profesorado e Consello Escolar.

Consecuencias legais: Ningunha

O punto vinte do artigo único da LOMCE modifica o 29 e o 144 da LOE, introducindo a reválida en 4º de Ed. Secundaria e ordenando:

"Art. 29: 1. Al finalizar el cuarto curso, los alumnos y alumnas realizarán una evaluación individualizada por la opción de enseñanzas académicas o por la de enseñanzas aplicadas, en la que se comprobará el logro de los objetivos de la etapa y el grado de adquisición de las competencias correspondientes en relación con las siguientes materias:

- a) Todas las materias generales cursadas en el bloque de asignaturas troncales, salvo Biología y Geología y Física y Química, de las que el alumno o alumna será evaluado si las escoge entre las materias de opción, según se indica en el párrafo siguiente.
- b) Dos de las materias de opción cursadas en el bloque de asignaturas troncales, en cuarto curso.
- c) Una materia del bloque de asignaturas específicas cursada en cualquiera de los cursos, que no sea Educación Física, Religión, o Valores Éticos."

"Art. 144: La realización material de las pruebas corresponde a las Administraciones educativas competentes. Las pruebas serán aplicadas y calificadas por profesorado del Sistema Educativo Español externo al centro."

➤ **Medida nº 20:**

- a) Manifestar, como Claustro e como Consello Escolar, o rexeitamento a esta reválida, que suporá a segregación do alumnado e servirá de base para establecer *rankings* de centros.
- b) Rexeitar que o profesorado de centros privados poida realizar esta proba.
- c) Non colaborar co "profesorado externo ao Centro" que vaia realizala.

Xustificación: Os centros realizan avaliacións periodicamente. Non é necesaria esta avaliación final que somete a tensión e estrés o alumnado.

Esta reválida vai en contra do artigo 28.1 (punto dezanove da propia LOMCE), que di que a avaliación en Secundaria "será continua, formativa e integradora".

Esta reválida supón que, por primeira vez na historia, as notas do profesorado do centro non serven para que o alumnado titule.

Responsábel: Profesorado, Equipo directivo, Consello Escolar.

Consecuencias legais: Ningunha.

21º

O punto vinteito modifica o artigo 36 da LOE e queda así:

"Art. 36: 2. Los alumnos y alumnas promocionarán de primero a segundo de Bachillerato cuando hayan superado las materias cursadas o tengan evaluación negativa en dos materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso de las materias pendientes de primero. Los centros docentes deberán organizar las consiguientes actividades de recuperación y la evaluación de las materias pendientes."

A los efectos de este apartado, sólo se computarán las materias que como mínimo el alumno o alumna debe cursar en cada uno de los bloques. Además, en relación con aquellos alumnos y alumnas que cursen Lengua Cooficial y Literatura, sólo se computará una materia en el bloque de asignaturas de libre configuración autonómica, con independencia de que dichos alumnos y alumnas puedan cursar más materias de dicho bloque."



Medida nº 21: A lingua propia de cada comunidade debe computar para a promoción a 2º.

Xustificación: A lingua cooficial dos territorios con lingua propia distinta do castelán sitúase no bloque de asignaturas de libre configuración autonómica. Lograr o cómputo da súa avaliación evitará que reciba un trato discriminatorio con respecto ao resto de materias.

Responsábel: Consellería de Educación, equipo directivo e profesorado.

Consecuencias legais: Ningunha.

22º

O punto vintenove do artigo único da LOMCE, engade un novo artigo 36 bis e o 144 á LOE introducindo a reválida ao finalizar os estudos de Bacharelato e ordenando:

"Art. 36 bis: 1. Los alumnos y alumnas realizarán una evaluación individualizada al finalizar Bachillerato, en la que se comprobará el logro de los objetivos de esta etapa y el grado de adquisición de las competencias correspondientes en relación con las siguientes materias:

- Todas las materias generales cursadas en el bloque de asignaturas troncales. En el supuesto de materias que impliquen continuidad, se tendrá en cuenta sólo la materia cursada en segundo curso.
- Dos materias de opción cursadas en el bloque de asignaturas troncales, en cualquiera de los cursos. Las materias que impliquen continuidad entre los cursos primero y segundo sólo computarán como una materia; en este supuesto se tendrá en cuenta sólo la materia cursada en segundo curso.
- Una materia del bloque de asignaturas específicas cursada en cualquiera de los cursos, que no sea Educación Física ni Religión."

"Art. 144: La realización material de las pruebas corresponde a las Administraciones educativas competentes. Las pruebas serán aplicadas y calificadas por profesorado del Sistema Educativo Español externo al centro"



Medida nº 22:

- Manifestar, como Claustro e como Consello Escolar, o rexeitamento a esta reválida, que suporá segregación do alumnado e servirá para establecer *rankings* de centros.
- Rexeitar que o profesorado de centros privados poida realizar esta proba.
- Non colaborar co "profesorado externo ao Centro" que vaia realizala.

Segue Medida 22 >

22º

Xustificación: Os centros realizan avaliacións periodicamente. Non é necesaria esta avaliación final que somete a tensión e estrés ao alumnado.

Esta reválida vai en contra do artigo 36.1 (punto vinteito da propia LOMCE) que di que a avaliación en Bacharelato "será continua y diferenciada según las distintas materias"

Esta reválida supón que, por primeira vez na historia, as notas do profesorado do centro non serven para que o alumnado titule.

Responsábel: Profesorado, Equipo directivo, Consello Escolar.

Consecuencias legais: Ningunha.

23º

O punto oitenta e nove modifica o artigo 144 da LOE, que queda redactado así:

"144.2. Las Administraciones educativas podrán establecer otras evaluaciones con fines de diagnóstico."

➤ **Medida nº 23:**

- a) Manifestar, como Claustro e como Consello Escolar, o rexeitamento a estas probas.
- b) Os pais, nais ou titores legais poden non levar ese día o seu fillo ou filla ao Centro. As cualificacións para o seu paso a Secundaria serían as obtidas no curso.

Xustificación: Non é necesario facer estas probas, pois é someter a tensión e estrés ao alumnado e a avaliación xa é continua.

Non se debe dedicar tempo en clase a estas novas probas, mais se a administración obrigase á realización das mesmas, existen dúas posibilidades: que o profesorado "axude" o alumnado á súa realización e, a mellor, que os pais e nais ou totires non leven ese día os seus fillos ao Centro.

Responsábel: Claustro, co apoio do Consello Escolar. Pais e nais ou titores.

Consecuencias legais: Ningunha.

24º

O punto noventa modifica o apartado 2º do artigo 147 da LOE, que queda redactado así.

"147.2. Los resultados de las evaluaciones que realicen las Administraciones educativas serán puestos en conocimiento de la comunidad educativa mediante indicadores comunes para todos los centros docentes españoles, sin identificación de datos de carácter personal y previa consideración de los factores socioeconómicos y socioculturales del contexto."

➤ **Medida 24:** Non facilitar datos susceptíbeis de seren publicados en *rankings*.

Xustificación: Con este artigo cámbiase radicalmente a situación: agora os rankings son obrigatorios, antes estaban prohibidos.

O novo articulado resposta á idea neoliberal da competitividade e dá canle á pseudoliberalidade de elección de centro. Coa publicación destes *rankings*, coa posibilidade de elección do alumnado por parte de centros privados e privados concertados e coa homoxeneización do alumnado nestes centros obviaríase a diversidade do alumnado presente no ensino público, dando lugar a resultados falaces que implicarían a aparición de guettos e unha falsa imaxe de excelencia nos privados e privados concertados.

Trala negativa inicial dos Centros, as administracións poden volver a pedilos e entón haberá que entregalos.

Responsábel: Dirección, co apoio da decisión tomada no Consello Escolar.

Consecuencias legais: Negarse a facilitar estes datos pode ocasionar sancións, polo que é recomendábel entregalos tras unha nova petición...

C) POR PARTE DAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO

A todas as medidas explicitadas anteriormente, que fan referencia á Avaliación ou ás Reválidas e que son responsabilidade tamén en grande medida de todos os pais, nais e titores legais e do alumnado, hai que engadir as que seguen.

25º

O punto nove do artigo único da LOMCE modifica o 18 da LOE, relativo ás materias en Educación Primaria, que queda así.

“18.3. Los alumnos y alumnas deben cursar las siguientes áreas del bloque de asignaturas específicas en cada uno de los cursos:

- a) Educación Física.
- b) Religión, o Valores Sociales y Cívicos, a elección de los padres, madres o tutores legales.”

➤ **Medida nº 25:** Os pais, nais ou titores legais deben elixir a área Valores Sociais e Cívicos do Bloque de asignaturas específicas.

Xustificación: Entendemos que a educación ten que ser laica e as materias de adoutramento relixioso non teñen que formar parte do currículo educativo, senón da esfera privada.

Responsábel: Pais e nais ou titores.

Consecuencias legais: Ningunha.

26º

O punto nove do artigo único da LOMCE tamén modifica o 18 da LOE no seu apartado 3.c), relativo ás materias en Educación Primaria, que queda así:

“18.3.c) En función de la regulación y de la programación de la oferta educativa que establezca cada Administración educativa y, en su caso, de la oferta de los centros docentes, al menos una de las siguientes áreas del bloque de asignaturas específicas:

- 1.º) Educación Artística.
- 2.º) Segunda Lengua Extranjera.
- 3.º) Religión, sólo si los padres, madres o tutores legales no la han escogido en la elección indicada en el apartado 3.b).
- 4.º) Valores Sociales y Cívicos, sólo si los padres, madres o tutores legales no la han escogido en la elección indicada en el apartado 3.b).”

➤ **Medida nº 26:** Neste segundo bloque de materias específicas, os pais, nais e titores legais deben elixir entre Educación Artística e Segunda Lingua Estranxeira, caso de que no bloque anterior elixan a área Valores Sociais e Cívicos.

Xustificación: Tense que elixir unha materia de entre catro. Dúas son Relixión e Valores Sociais e Cívicos no caso de que non se elixise nunha primeira instancia. Polo tanto, hai que elixir entre Educación Artística e Segunda Lingua Estranxeira.

Responsábel: Pais e nais ou titores.

Consecuencias legais: Ningunha.

27º

O punto quince do artigo único da LOMCE tamén modifica o 24 da LOE no seu apartado 4., relativo ás materias en Ed. Secundaria, que queda así:

"24.4. Los alumnos y alumnas deben cursar las siguientes materias del bloque de asignaturas específicas en cada uno de los cursos:

- a) Educación Física.
- b) Religión, o Valores Éticos, a elección de los padres, madres o tutores legales o, en su caso, del alumno o alumna."

➤ **Medida nº 27:** Elixir Valores Éticos.

Xustificación: entre as asignaturas específicas hai que elixir entre ésta e Relixión. Entendemos que a educación ten que ser laica e as materias de adoutrinamento relixioso non teñen que formar parte do currículo educativo senón da esfera privada.

Responsábel: Alumnado e/ou pais e nais ou titores.

Consecuencias legais: Ningunha.

28º

O punto quince do artigo único da LOMCE tamén modifica o 24 da LOE no seu apartado 4.c), sobre materias en Ed. Secundaria, que queda así:

"24.4.c) En función de la regulación y de la programación de la oferta educativa que establezca cada Administración educativa y, en su caso, de la oferta de los centros docentes, un mínimo de una y, máximo de cuatro, de las siguientes materias del bloque de asignaturas específicas, que podrán ser diferentes en cada uno de los cursos:

- 1.º) Cultura Clásica.
- 2.º) Educación Plástica, Visual y Audiovisual.
- 3.º) Iniciación a la Actividad Emprendedora y Empresarial.
- 4.º) Música.
- 5.º) Segunda Lengua Extranjera.
- 6.º) Tecnología.
- 7.º) Religión, sólo si los padres, madres o tutores legales o, en su caso, el alumno o alumna no la han escogido en la elección indicada en el apartado 4.b).
- 8.º) Valores Éticos, sólo si los padres, madres o tutores legales o, en su caso, el alumno o alumna no la han escogido en la elección indicada en el apartado 4.b)."

➤ **Medida nº 28:** No resto de materias específicas a elixir, non seleccionedes Relixión nin Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial.

Se a administración o permite, os Centros non deberían ofertar Relixión.

Xustificación: No tocante á Relixión (que se pode volver elixir se se escolleu previamente Valores Éticos), o argumento é o mesmo que no apartado anterior.

Canto á Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, consideramos que o alumnado de entre 13 e 15 anos tense que formar noutro tipo de valores que non na ideoloxía neoliberal que propón a LOMCE.

Responsábel: Alumnado ou/e pais, nais e titores legais.

Consecuencias legais: Ningunha.

POR PARTE DAS NAIS, PAIS OU
TITORES LEGAIS DO ALUMNADO



29º

O punto dezaseis do artigo único da LOMCE tamén modifica o 25 da LOE, relativo ás materias en 4º de ESO, no seu apartado 1., que queda así:

“25.1. Los padres, madres o tutores legales o, en su caso, los alumnos y alumnas podrán escoger cursar el cuarto curso de la Educación Secundaria Obligatoria por una de las dos siguientes opciones:

- a) Opción de enseñanzas académicas para la iniciación al Bachillerato.
- b) Opción de enseñanzas aplicadas para la iniciación a la Formación Profesional.”

➤ **Medida nº 29:** Non segregar o alumnado entre as dúas opcións.

Xustificación: Segregar alumnado aos 15-16 anos para canalizalo cara ao Bacharelato ou a FP non é pedagóxico.

Responsábel: Pais e nais e/ou titores.

Consecuencias legais: Ningunha.

30º

O punto dezaseis do artigo único da LOMCE tamén modifica o 25 da LOE, relativo ás materias en 4º de ESO, no seu apartado 6., que queda así:

“25. 6. Los alumnos y alumnas deben cursar las siguientes materias del bloque de asignaturas específicas:

- a) Educación Física.
- b) Religión, o Valores Éticos, a elección de los padres, madres o tutores legales o en su caso del alumno o alumna.”

➤ **Medida nº 30:** Elixir Valores Éticos.

Xustificación: Entendemos que a educación ten que ser laica e as materias de adoutramento relixioso non teñen que formar parte do currículo educativo, senón da esfera privada.

Responsábel: Alumnado e/ou pais e nais ou titores.

Consecuencias legais: Ningunha.

31º

O punto vintecinco do artigo único da LOMCE engade un novo artigo 34 bis á LOE, relativo ás materias en 1º de Bacharelato, no seu apartado 4., que queda así:

“34 bis.4. Los alumnos y alumnas deben cursar las siguientes materias del bloque de asignaturas específicas:

- a) Educación Física.
- b) En función de la regulación y de la programación de la oferta educativa que establezca cada Administración educativa y, en su caso, de la oferta de los centros docentes, un mínimo de dos y máximo de tres materias de entre las siguientes:
 - 1.º) Análisis Musical I.
 - 2.º) Anatomía Aplicada.
 - 3.º) Cultura Científica.
 - 4.º) Dibujo Artístico I.
 - 5.º) Dibujo Técnico I, salvo que los padres, madres o tutores legales o el alumno o alumna ya hayan escogido Dibujo Técnico I en el apartado 1.e).2.º).
 - 6.º) Lenguaje y Práctica Musical.
 - 7.º) Religión.
 - 8.º) Segunda Lengua Extranjera I.
 - 9.º) Tecnología Industrial I.

Segue Medida 31 >

31º

10.º) Tecnologías de la Información y la Comunicación I.

11.º) Volumen.

12.º) Una materia del bloque de asignaturas troncales no cursada por el alumno o alumna."

 Medida 31º:

a) Pedir desde o Consello Escolar á administración educativa que o Centro poida ofertar dentro do Bloque b) as materias que considere. O Consello Escolar debería decidir non ofertar Relixión.

b) Non elixir Relixión, caso de que a administración obrigue á oferta desta pretendida materia ou o centro decida ofertala.

Xustificación: Entendemos que a educación ten que ser laica e as materias de adoutramento relixioso non teñen que formar parte do currículo educativo, senón da esfera privada.

Responsábel:

a) O Consello Escolar do Centro.

b) O alumnado.

Consecuencias legais: Ningunha.

32º

O punto vinteseis do artigo único da LOMCE engade un novo artigo 34.ter á LOE, relativo ás materias en 2º de Bacharelato, no seu apartado 4., que queda así:

"34.ter.44. En función de la regulación y de la programación de la oferta educativa que establezca cada Administración educativa y, en su caso, de la oferta de los centros docentes, los alumnos y alumnas cursarán un mínimo de dos y máximo de tres materias de las siguientes del bloque de asignaturas específicas:

a) Análisis Musical II.

b) Ciencias de la Tierra y del Medio Ambiente.

c) Dibujo Artístico II.

d) Dibujo Técnico II, salvo que los padres, madres o tutores legales o el alumno o alumna ya hayan escogido Dibujo Técnico II en el apartado 1.e).2.º).

e) Fundamentos de Administración y Gestión.

f) Historia de la Filosofía, salvo que los padres, madres o tutores legales o el alumno o alumna ya hayan escogido Historia de la Filosofía en el apartado 2.e).5.º).

g) Historia de la Música y de la Danza.

h) Imagen y Sonido.

i) Psicología.

j) Religión.

k) Segunda Lengua Extranjera II.

l) Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica.

m) Tecnología Industrial II.

n) Tecnologías de la Información y la Comunicación II.

ñ) Una materia del bloque de asignaturas troncales no cursada por el alumno o alumna."

 Medida nº 32:

a) Pedir desde o Consello Escolar á administración educativa que o Centro poida ofertar dentro do Bloque b) as materias que considere. O Consello Escolar debería decidir non ofertar Relixión.

POR PARTE DAS NAIS, PAIS OU
TITORES LEGAIS DO ALUMNADO

Segue Medida 32 >>>>>>>>>>



- b) Non elixir Relixión, caso de que a administración obrigue á oferta desta pretendida materia ou que o centro decida ofertala.

Xustificación: Entendemos que a educación ten que ser laica e as materias de adoutramento relixioso non teñen que formar parte do currículo educativo, senón da esfera privada.

Responsábel:

- a) O Consello Escolar do Centro.
b) O alumnado.

Consecuencias legais: Ningunha.

QUE LEI QUEREMOS?

Desde o STEG colaboramos na construción dun movemento de oposición á LOMCE, que contribuíu a crear unha ampla conciencia social de rexeitamento a esta lei e de defensa da escola pública. Agora ben, hai que contrapoñer as alternativas e as propostas da educación que queremos para que sexan consideradas e tidas en conta para o futuro. Os eixos que describimos a continuación definen a grandes trazos a educación que queremos e foron o filtro polo que fixemos pasar a lei e as propostas que colocamos neste documento

PÚBLICA, GRATUÍTA E DE CALIDADE

A escola pública ten que ser o eixo vertebrador do sistema educativo, un modelo que una a calidade e a equidade de xeito científico e crítico para comprender e transformar a realidade. Hai que frear os procesos de privatización e hai que ofertar as prazas públicas suficientes en todas as etapas educativas.

Os centros educativos teñen que ter os recursos, as infraestruturas e o persoal necesario, tanto docente como de administración e servizos, para atender as necesidades educativas do alumnado. As ratios téñense que reducir necesariamente e os cadros de persoal téñense que ampliar para conseguir este obxectivo de calidade.

A escola ten que ser gratuíta: servizos complementarios (transporte e comedor), materiais escolares e curriculares e actividades extraescolares.

Os centros e o sistema educativo non poden ser avaliados externamente con criterios e obxectivos de mercantilización e de competitividade. A avaliación ten que ser unha tarefa do profesorado dos centros educativos e orientada á detección e superación das dificultades e problemas suscitados.

O ensino non pode ser un negocio. A escola privada concertada debe ser subsidiaria da pública, sendo responsabilidade dos poderes públicos garantir o dereito de todos e todas á educación.

INCLUSIVA E COMPENSADORA DE DESIGUALDADES


Reivindicamos unha escola inclusiva, que responda á diversidade de todo o alumnado, que respecte e recoñeza as súas diferenzas e as súas singularidades, que ofrezca as oportunidades educativas e as axudas necesarias - curriculares, persoais e materiais - para o progreso académico e persoal do alumnado. Todos os centros educativos teñen que ser inclusivos e teñen que reunir as condicións arquitectónicas e físicas apropiadas

COEDUCADORA

A escola ofrece unha magnífica oportunidade para educar na igualdade de xénero e na loita contra a violencia machista. Os contidos curriculares terían que tratar esta temática de maneira transver-



QUE LEI QUEREMOS?



sal e específica dentro dos contidos curriculares das áreas. E, evidentemente, os centros non terían que segregar por sexos.

LAICA

A lexislación educativa debe incluír a laicidade da educación pública e da privada que se financia con fondos públicos.

Calquera doutrina relixiosa ten que quedar fóra do currículo, pois a relixión pertence ao ámbito privado e os centros educativos non deben ser lugar para o proselitismo relixioso. Non deben existir símbolos relixiosos nos centros públicos e nos privados concertados. O currículo ten que ser aberto e equilibrado para unha educación integral que promova a autonomía persoal e os valores socio-afectivos.

POTENCIADORA DAS LINGUAS PROPIAS

Unha lei educativa ten que potenciar as linguas propias nos seus territorios e garantir o uso vehicular e a inmersión lingüística en todo o sistema educativo. Os proxectos plurilingües teñen que contemplar a situación sociolingüística e as linguas minoritarias para as potenciar, non para as marxinar.

DEMOCRÁTICA

Reclamamos a participación democrática, activa e non xerarquizada de todos os sectores da comunidade educativa na xestión dos centros. Hai que potenciar os Claustros e Consellos escolares, con todas as competencias sobre xestión e goberno dos centros. Non se poden converter en simples órganos consultivos.

Os cargos directivos han de ser elixidos democraticamente e non por comisións de selección onde a comunidade educativa está en minoría.

QUE MELLORE AS CONDICIÓNS DE TRABAJO DO PROFESORADO

Sen unhas condicións laborais dignas, o profesorado non pode desenvolver o seu traballo con garantías. Uns horarios adecuados, un número de alumnado que permita o tratamento individualizado, uns espazos e infraestruturas en condicións, a potenciación da cooperación e non da competitividade, unhas retribucións axeitadas, etc., son elementos que motivan á persoa docente e fan posíbel traballar en mellores condicións co alumnado.

PACTO POLA ESCOLA PÚBLICA

Desde o STEG defendemos e propugnamos un pacto polo ensino público, un “compromiso social pola escola pública” no que se consensúen medidas para mellorar o sistema e no que se superen dous dos graves problemas que o conturban: a relixión confesional no currículo e os concertos coa privada.

Isto faría posíbel que se potenciase realmente a escola pública, a que vertebra o noso sistema educativo, a que está en todas as vilas e cidades, en todos os barrios e aldeas, á que asiste preto do 67% do alumnado do conxunto do Estado, a que fai que a etapa de escolarización obrigatoria sexa unha etapa de convivencia entre escolares, cos iguais e cos distintos, unha etapa que contribúe con esta convivencia ao mellor desenvolvemento democrático dunha sociedade cada día máis diversa, máis múltiple, máis plural. Un pacto para un ensino público de calidade, equitativo, emancipador, integrador, igualitario e respectuoso coas linguas e culturas propias de cada territorio e coas diferenzas individuais, sociais e de sexo, laico e gratuío.

STEG





www.stegsindicato.org